



PREGOS TÉCNICOS PARA CONTRATACIÓN OBRAS DE ACONDICIONAMENTO PARA ACCESIBILIDADE OFICINA SEDE GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO NORTE

1. ANTECEDENTES

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro “Golfo Ártabro Norte”, é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar, segundo convenio suscrito o día 23 de febreiro de 2016, para a xestión do Programa FEMP 2014-2020 nos concellos de Ares, Cabanas, Fene, Ferrol, Miño, Mugardos, Narón, Neda, Paderne e Pontedeume.

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro “Golfo Ártabro Norte” ten a súa sede na planta baixa do Pescador da Confraría de Pescadores de Miño (Rúa Curro, nº33 – baixo 15630 Miño).

A Xunta Directiva do GALP Golfo Ártabro Norte en reunión celebrada o día 9 de agosto de 2017 acordou adoptar medidas de acción positiva en beneficio de aquelas persoas con discapacidade susceptibles de ser obxecto dun maior grao de discriminación, a través da adecuación da sede do GALP, co fin de garantir o dereito á igualdade de oportunidades ás persoas con discapacidade, tanto ás posibles beneficiarias dunha axuda do Programa FEMP 2014-2020, que queiran informarse de primeira man na oficina, como calquera outra consulta ou reunión que se teña prevista durante o período de vixencia do Programa, quedando este gasto incluído dentro dos gastos de funcionamento da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP).

2. OBXECTO DO CONTRATO.

É obxecto deste contrato e a realización e a realización das medidas de adaptación propostas pola Xunta Directiva do **GALP Golfo Ártabro Norte** e que consisten en:

- Entrada ao edificio: A entrada principal será accesible, sendo necesaria a construción dunha rampla.
- Interior do edificio:
 - o Adaptarase unha zona acorde ás necesidades de uso para sala de espera e vestíbulo, dotarase de novos pavimentos para evitar resbalóns e caídas. E proveerase de elementos visuais detectables por persoas con limitacións auditivas.
 - o Adaptación de servizos comúns: Aseo: permitindo o acceso, a mobilidade interior e o uso do mesmo a todas as persoas que poidan utilizar a sede do GALP. Os elementos que se terán en conta á hora de facer accesible este aseo serán: sinalización, acceso, dimensións interiores, pavimento, mecanismos de control ambiental, seguridade e aparatos sanitarios adaptados (lavado, inodoro, cisterna, barras de axuda, accesorios, espellos....)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Financiado pola Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
(FEMP)

3. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.

O prazo de execución do contrato remata o 30 de xuño de 2018.

4. DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS.

A. Documentación. Os licitadores deberán presentar a seguinte documentación.

- Proposta segundo modelo do Anexo I e que comprende a oferta económica, para as accións indicadas no obxecto do contrato, e a Declaración responsable sobre a capacidade para contratar e o cumprimento de requisitos de solvencia económico-financeira e técnico-profesional.
- Declaración responsable segundo modelo do Anexo II.

B. Prazo: 10 días naturais dende a recepción da solicitude de ofertas.

C. Forma de presentación: As propostas serán enviadas á sede do GALP Golfo Ártabro Norte (Rúa Curro, nº 33 15630 Miño – A Coruña)

5. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

O contrato será adxudicado á empresa que presenta a oferta económica máis vantaxosa, tendo prioridade as ofertas presentadas do ámbito territorial do GALP Golfo Ártabro Norte

6. FACTURACIÓN.

O adxudicatario emitirá unha factura ao remate dos traballos establecidos, sendo pagada polo GALP a través dunha transferencia bancaria, previa presentación da factura na sede.



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte

Asdo.: María José Crespo Fraga
Presidencia GALP Golfo Ártabro Norte
4 de abril de 2018